

### III.- OS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA DO ANO 2006

## 1.- O ESCENARIO ORZAMENTARIO.

O proxecto de orzamento do novo Goberno galego para o 2006 se encadra no marco do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para o conxunto das comunidades autónomas no período 2006–2008 e polo tanto no marco do “Plan Económico Financeiro” da nosa Comunidade que prevé a redución progresiva do déficit das contas públicas de Galicia. Ao mesmo tempo este orzamento recolle necesariamente, os compromisos de gasto adquiridos durante o exercicio 2005 e anteriores.

### CADRO 7.- CAPACIDADE (+) NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO

#### Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento en %PIB

ÁMBITO	2006	2007	2008
ESTADO E OO.AA.	-0,40	-0,30	-0,30
SEGURIDADE SOCIAL	0,70	0,70	0,70
ADMINISTRACIÓNS CENTRAIS	0,30	0,40	0,40
<b>COMUNIDADES AUTÓNOMAS</b>	<b>-0,10</b>	<b>-0,10</b>	<b>0,00</b>
CORPORACIÓNS LOCAIS	0,00	0,00	0,00
ADMINISTRACIÓNS TERRITORIAIS	-0,10	-0,10	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>0,20</b>	<b>0,30</b>	<b>0,40</b>

Neste marco, os Orzamentos 2006 artículanse como o instrumento para a implantación dos obxectivos do Pacto de Goberno. Estes orzamentos cuantifican o impacto orzamentario dos obxectivos do Goberno e asigna os recursos en función das prioridades establecidas.

O proxecto de orzamento consolidado ascende a 9.911,7 millóns de euros o que representa un crecemento do 9,04% respecto do orzamento do exercicio 2005.

## CADRO 8.- ORZAMENTO CONSOLIDADO 2006

### ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS

Capítulos	2005 homox.	2006 inicial	Variación 2006-05	
			Miles €	% Δ
IMPOSTOS DIRECTOS .....	977.438	1.074.777	97.339	9,96%
IMPOSTOS INDIRECTOS .....	2.189.649	2.412.680	223.031	10,19%
TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS .....	239.335	246.430	7.095	2,96%
TRANSFERENCIAS CORRENTES .....	4.296.183	4.752.161	455.977	10,61%
INGRESOS PATRIMONIAIS .....	11.892	13.481	1.589	13,36%
<b>INGRESOS CORRENTES</b>	<b>7.714.497</b>	<b>8.499.528</b>	<b>785.031</b>	<b>10,18%</b>
ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS .....	73.088	72.404	-684	-0,94%
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL .....	786.246	825.061	38.815	4,94%
<b>INGRESOS DE CAPITAL</b>	<b>859.334</b>	<b>897.465</b>	<b>38.131</b>	<b>4,44%</b>
ACTIVOS FINANCIEROS .....	665	665	0	0,00%
PASIVOS FINANCIEROS .....	515.831	514.068	-1.763	-0,34%
<b>INGRESOS FINANCIEROS</b>	<b>516.496</b>	<b>514.733</b>	<b>-1.763</b>	<b>-0,34%</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>9.090.327</b>	<b>9.911.726</b>	<b>821.399</b>	<b>9,04%</b>

Miles de €

### ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS

Capítulos	2005 homox.	2006 inicial	Variación 2006-05	
			Miles €	% Δ
GASTOS DE PERSOAL .....	2.724.915	2.931.806	206.891	7,59%
GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS .....	995.159	1.167.471	172.312	17,32%
GASTOS FINANCIEROS .....	138.941	142.429	3.488	2,51%
TRANSFERENCIAS CORRENTES .....	2.454.851	2.679.280	224.429	9,14%
FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREV. ....	50.909	57.681	6.772	13,30%
<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>6.364.774</b>	<b>6.978.667</b>	<b>613.893</b>	<b>9,65%</b>
INVESTIMENTOS REAIS .....	1.107.640	1.206.226	98.586	8,90%
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL .....	1.110.857	1.241.002	130.145	11,72%
<b>GASTOS DE CAPITAL</b>	<b>2.218.498</b>	<b>2.447.228</b>	<b>228.730</b>	<b>10,31%</b>
ACTIVOS FINANCIEROS .....	120.524	111.763	-8.761	-7,27%
PASIVOS FINANCIEROS .....	386.531	374.068	-12.463	-3,22%
<b>GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>507.055</b>	<b>485.831</b>	<b>-21.224</b>	<b>-4,19%</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>9.090.327</b>	<b>9.911.726</b>	<b>821.399</b>	<b>9,04%</b>

Miles de €

## CADRO 9.- EVOLUCIÓN DO AFORRO ORZAMENTARIO


Orz. Consolidado	2004	2005 homox.	2006	%Δ 2005-04	%Δ 2006-05
INGRESOS CORRENTES	7.086.428,00	7.714.496,68	8.499.527,97	8,86%	10,18%
GASTOS CORRENTES	5.869.256,00	6.364.774,41	6.978.667,06	8,44%	9,65%
<b>AFORRO BRUTO</b>	<b>1.217.172,00</b>	<b>1.349.722,27</b>	<b>1.520.860,91</b>	<b>10,89%</b>	<b>12,68%</b>

Miles de €

O aforro orzamentario sitúase en 1.520,86 millóns de euros cun incremento do 12,7% sobre o previsto na anualidade do 2005.

Este aforro xunto aos ingresos de capital 897,46 millóns de euros financian o 98,8% dos gastos por operacións de capital, que se incrementan en 228,73 millóns de euros con respecto as mesmas operacións do ano 2005.

## GRÁFICO 13.- AFORRO BRUTO



O crecemento dos ingresos susténtase no correspondente aos ingresos tributarios -que melloran nun 9,6% sobre a cifra inicial de 2005, e algo menos dun 4% sobre a cifra que aporta o avance de liquidación dos ingresos tributarios a finais de setembro do actual exercicio orzamentario- e no capítulo IV, transferencias correntes, que o fan nun 10,6%.

Os ingresos de carácter non financeiro en conxunto medran un 9,6% fronte aos financeiros que diminúen un 0,3%.

Este crecemento dos ingresos non financeiros está baseado na evolución das magnitudes macroeconómicas da nosa economía cunha

previsión de aumento do 3,4%, (0,1 máis ca o PIB do conxunto do Estado) para os tributos como IRPF, IVE e impostos especiais cuxa evolución está estreitamente ligada á marcha das magnitudes macroeconómicas, e por outra banda, nas medidas en marcha de mellora integral na xestión dos tributos que permitirá acelerar no tempo a recadación mediante a potenciación da administración electrónica e a Oficina Virtual. Tamén hai que subliñar que para o exercicio 2006 non hai cambios no uso da capacidade normativa dos tributos, nin dos propios nin dos cedidos ou compartidos. Nos primeiros, actualízanse as taxas de contía fixa nun 2%, e respecto aos compartidos, deflactase (nos orzamentos xerais do Estado) a tarifa autonómica do IRPF nun 2%, o que significa un aforro importante para os contribuíntes. Por último nos tributos cedidos non se produce modificacións nos tipos impositivos.


#### CADRO 10.- ESTRUCTURA INGRESOS NON FINANCIEROS

##### ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS

INGRESOS NON FINANCIEROS	2005 homox.	2006 inicial	Variación 2006-05	
			Miles €	% Δ
INGRESOS TRIBUTARIOS .....	3.406.421	3.733.886	327.465	9,61%
TRANSFERENCIAS CORRENTES .....	4.296.183	4.752.161	455.977	10,61%
INGRESOS PATRIMONIAIS .....	11.892	13.481	1.589	13,36%
INGRESOS DE CAPITAL .....	859.334	897.465	38.131	4,44%
<b>TOTAL</b>	<b>8.573.831</b>	<b>9.396.993</b>	<b>823.162</b>	<b>9,60%</b>

Miles de €

##### ESTRUTURA DE INGRESOS NON FINANCIEROS (Consolidado)



O Orzamento presenta un déficit non financeiro de 28,90 millóns de euros, como consecuencia do incremento dos gastos de capital. Os ingresos de capital aumentan nun 4,4%.

A variación do endebedamento neto é de 140 millóns de euros, obxectivo establecido no Plan Financeiro para esta anualidade 2006 e supón o 0,3% do PIB.

### CADRO 11.- EVOLUCIÓN ENDEBEDAMENTO

Consolidado	2004	2005 homox.	2006	%Δ 2005-04	%Δ 2006-05
ENDEBEDAMENTO BRUTO	259.085,00	515.831,00	514.068,09	99,10%	-0,34%
AMORTIZACIÓNS	220.185,00	386.531,00	374.068,09	75,55%	-3,22%
ENDEBEDAMENTO NETO	38.900,00	129.300,00	140.000,00	232,39%	8,28%

Miles de €

Os gastos de financiamento da débeda recollen un total de 142,43 millóns de euros, cun incremento do 2,5%

O crecemento dos ingresos de carácter corrente sitúase no 10,2% cun crecemento en termos absolutos de 785,03 millóns de euros, mentres que o dos gastos correntes é de 613,89 millóns de euros.

Os gastos de funcionamento supoñen o 10,2% de incremento con respecto ao exercicio 2005, e un incremento en termos absolutos de 386,0 millóns de euros.

O total de gastos non financeiros se incrementa nunha porcentaxe do 9,8% e supoñen o 95,1% do total do orzamento consolidado.


A contía prevista das operacións financeiras é de 485,83 millóns de euros, diminuindo nun 4,2%.

### CADRO 12.- ESTRUCTURA GASTO NON FINANCIERO DO ORZAMENTO CONSOLIDADO

GASTOS NON FINANCIEROS	2005 homox.	2006 inicial	Variación 2006-05	
			Miles €	% Δ
GASTOS DE FUNCIONAMENTO .....	3.770.982	4.156.958	385.976	10,24%
GASTOS DE INVESTIMENTO .....	2.218.498	2.447.228	228.730	10,31%
GASTOS DE TRANSFERENCIAS .....	2.454.851	2.679.280	224.429	9,14%
GASTOS DE FINANCIAMENTO DE DÉBEDA .....	138.941	142.429	3.488	2,51%
<b>TOTAL</b>	<b>8.583.272</b>	<b>9.425.895</b>	<b>842.623</b>	<b>9,82%</b>

Miles de €

### ORZAMENTO DO GASTO NON FINANCIERO Consolidado % s/total non financeiro



Os gastos en investimentos supoñen o 26% dos gastos non financeiros consolidados, e un incremento do 10,3% sobre o exercicio 2005 e un 11,6%, se nos referimos o orzamento de gastos da Administración Xeral.


Os gastos de funcionamento representan o 23% do orzamento da Administración Xeral da Xunta de Galicia e un incremento do 7,2% sobre o previsto no ano 2005.

### CADRO 13.- ESTRUCTURA GASTO NON FINANCEIRO DA ADOM. XERAL

<b>GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>2005 homox.</b>	<b>2006 inicial</b>	<b>Variación en Miles €</b>	<b>2006-05 %Δ</b>
<b>GASTOS DE FUNCIONAMENTO .....</b>	<b>1.965.953</b>	<b>2.106.735</b>	<b>140.782</b>	<b>7,16%</b>
<b>GASTOS DE INVESTIMENTO .....</b>	<b>1.984.863</b>	<b>2.214.807</b>	<b>229.944</b>	<b>11,58%</b>
<b>GASTOS DE TRANSFERENCIAS .....</b>	<b>4.236.311</b>	<b>4.677.666</b>	<b>441.355</b>	<b>10,42%</b>
<b>GASTOS DE FINANCIAMENTO DE DÉBEDA .....</b>	<b>138.241</b>	<b>141.636</b>	<b>3.396</b>	<b>2,46%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>8.325.368</b>	<b>9.140.844</b>	<b>815.476</b>	<b>9,80%</b>

*Miles de €*

#### ORZAMENTO DO GASTO NON FINANCEIRO Admin. Xeral % s/total non financeiro





## 2.- AS PRIORIDADES DO GOBERNO E A SÚA MATERIALIZACIÓN NO ORZAMENTO CONSOLIDADO

---

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma Galega para 2006 reflicten as prioridades da política económica e social do Goberno, no marco das actuacións a realizar durante a presente lexislatura. Este Orzamento parte do compromiso establecido cos cidadáns galegos de acelerar o proceso de converxencia no plano económico e social.

As previsións orzamentarias de 2006 teñen un dobre obxectivo. En primeiro lugar, estes Orzamentos queren reorientar o actual modelo de crecemento económico cara a un modelo de economía competitiva e aberta aos mercados e sectores de futuro. En segundo lugar, estes Orzamentos prestan especial atención ás políticas sociais, centrándose no desenvolvemento dun sistema público de servizos de calidade e universais que garantan unha sociedade de benestar avanzado.

Os Orzamentos para 2006 queren contribuír a incrementar a competitividade da economía galega, reforzando as bases para un crecemento capaz de crear emprego estable e de calidade. Por este motivo, amosan un forte impulso no gasto en capital humano, nas áreas de educación, I+D, Universidades, formación de traballadores, innovación industrial, apoio á iniciativa empresarial e xeración dunha cultura emprendedora. Non obstante, non esquecen a articulación de infraestruturas que completen a estrutura básica de comunicación interior e as conexións intermodais, nin a implantación de políticas de sustentabilidade ambiental.

No ámbito social e asistencial, as Contas para 2006 inciden especialmente na sanidade, nos servizos sociais, na igualdade, no apoio ás persoas dependentes e na asistencia a maiores; sen esquecer unha política integral destinada á xente moza, o reforzo das axudas para acceso á vivenda e a asistencia aos colectivos máis desfavorecidos e aos emigrantes e retornados.

Por outra parte, estes Orzamentos dan cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para o conxunto das Comunidades Autónomas no período 2006-2008 e, polo tanto, no marco do “Plan Económico Financeiro” da Xunta de Galicia

### OBXECTIVOS DE POLÍTICA ECONÓMICA DO GOBERNO DE GALICIA 2006

1) Crecemento do PIB = 3,4%.

É dicir, un obxectivo de incrementar o PIB unha décima por enriba da media nacional. Para contribuír a alcanzar dito obxectivo, os presentes orzamentos destinan a *modernización y crecemento económico* 2.900 millóns de euros, que rexistra un aumento do 12,6% con respecto o 2005.

Polo que fai a demanda, o compoñente máis dinámico será a *formación de capital* (5,2%), que reputará levemente respecto o 2005 (5,0%), polo efecto da positiva evolución dos seus dous principais capítulos: bens de equipo e vivenda nova.

O *consumo privado* rexistrará, do mesmo xeito, unha suave aceleración, cun crecemento do 3,5% que se fundamenta na solidez que mostran certos indicadores nos últimos meses (ventas ó pormenor, matriculación de turismos...).

O *sector exterior* reducirá a súa aportación negativa ó crecemento do PIB, como consecuencia dun maior crecemento das exportacións de bens e servizos (3,5% no 2006), o que é un obxectivo perfectamente alcanzable pola leve recuperación económica das principais economías da Zona Euro.

Polo que fai a oferta, as ramas que terán un maior dinamismo serán: a *construción* (4,9%) e as dúas actividades- mercado e non mercado- dos *servizos* (3,4%).

2)Crecemento do emprego = 2,7%.

A xeración de emprego en Galicia segue a ter na actualidade un feble comportamento. Así, por exemplo, entre o primeiro e o segundo trimestre de 2005, o nivel da ocupación en España medrou un 2,2%, o que tivo como consecuencia a creación neta de 403.000 empregos. En Galicia, pola contra, a poboación ocupada permaneceu practicamente estancada, cun incremento de mil persoas, razón pola cal nosa cota no emprego español séguese a deteriorar: (5,9% no segundo trimestre de 2005).

Por conseguinte, considerase imprescindible rachar con tan negativa tendencia, polo que se xulga necesario un crecemento da ocupación galega nun 2,7%. Así pois, un dos obxectivos básicos dos orzamentos e a creación de emprego; concepto no que o aumento dos recursos asinados incrementase case nun 20% con respecto o 2005. Feito que xunto o citado crecemento dun 3,4% do PIB e o aumento contido dos custos laborais permite fixar como obxectivo da política económica rexional que o noso tecido produtivo xere en torno a 30.000 postos de traballo no 2006 o que, a súa vez, conducirá a un descenso da *taxa de paro* nun punto porcentual, situándoa nun 10,1%.

Así pois, o progreso da *produtividade do traballo* situarase nun 0,7%, cifra semellante á dos últimos anos .Pero que, a diferenza do anterior escenario, terá lugar nun contexto de importante xeración de emprego.

### OBXECTIVOS SOCIAIS

No plano económico os orzamentos oriéntanse a senta-las bases da modernización e o crecemento da economía galega de xeito equilibrado e sustentable, sempre có obxectivo central de elevar a calidade de vida dos cidadáns.

A consolidación de Galicia como sociedade do coñecemento esixe incrementar notablemente o esforzo aricado á I+D, investigación e

innovación. No 2006 as actuacións nesta materia alcanzan un notable incremento do 39,05% respecto do 2005. A Xunta de Galicia tamén quere xeneralizar o uso das TIC a todos os ámbitos económicos e sociais, o que facilitará aos cidadáns as vantaxes dos novos servizos.

A política territorial é chave no desenvolvemento equilibrado e a longo prazo da economía e da sociedade. Os investimentos en infraestruturas van posibilitar a continuación e mellora de obras en marcha ou en proxecto, a mellora das conexións loxísticas e das infraestruturas hidráulicas, e a recuperación dos espazos naturais e saneamento das rías. O goberno entende que a intermodalidade entre os medios de transporte e o deseño dun sistema global que integra os diferentes medios de transporte entre si e os conecte ben cós centros produtivos e os espazos loxísticos é un reto cara ó 2006. Os investimentos en infraestruturas chegan aos 497,54 millóns de euros en 2006, cunha suba dun 12,88%. Cómpre salientar as actuacións en urbanismo, entornos urbanos das cidades e interconexións modais. O orzamento destinado a transportes medra un 16,86% e a xestión de infraestruturas de saneamento e abastecemento un 15,43%. Os investimentos en estradas crecen un 11%. Estas actuacións nas infraestruturas complétanse có incremento dos espazos de oportunidade para as empresas. O solo empresarial recibe un reforzo orzamentario con un 55% máis de recursos que no ano 2005.

Os orzamentos do 2006 reflicten un forte impulso no gasto en capital humano, nas áreas de educación, como elemento básico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia e instrumento da igualdade de oportunidades. O executivo galego realiza para o vindeiro ano unha clara aposta polo capital humano. Neste ano, o esforzo vaise concentrar nun forte incremento no número de prazas de ensino infantil, na extensión da gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio, nas bolsas de estudo de linguas estranxeiras, nas axudas aos alumnos para adquisición de ordenadores, no equipamento informático avanzado dos centros educativos, na mellora das condicións do

alumnado no transporte escolar e acompañantes, na apertura dos centros fora das horas lectivas, na formación do profesorado e no reforzo financeiro ás Universidades galegas e a súa promoción científica e técnica.

É o primeiro ano que o orzamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria crece máis que a media de incremento do orzamento total da Comunidade Autónoma.

Destaca neste orzamento o crecemento dos recursos da sanidade pública que medra un 11,68% no seu orzamento, en parte polo acordo sobre financiamento sanitario acadado no mes de setembro de 2005 que achega as arcas galegas unha cantidade de recursos adicionais para á sanidade pública. As prioridades na xestión do sistema sanitario galego céntranse na mellora dos programas en curso de continuidade asistencial (23,4 millóns), na extensión da atención primaria (16 millóns), na redución e transparencia nas listas de espera (15 millóns), no seguimento continuo do paciente, na ampliación das unidades de coidados paliativos en cinco cidades, na implantación do Plano estratéxico de saúde mental e na cobertura total do parto sen dor.

Unha das grandes necesidades do actual sistema de benestar é o fomento das políticas de igualdade e protección social. Neste sentido, a dotación orzamentaria para o desenvolvemento deste tipo de políticas vese incrementada nun 15,06% con respecto ao exercicio anterior. No orzamento 2006 dedícanse vinte e un millóns de euros para escolas de educación infantil, e unha dotación para a prevención e loita contra a violencia de xénero que triplica á do ano anterior.

O orzamento en servizos sociais destina case un 12% máis este ano ao desenvolvemento de políticas de integración social e apoio a colectivos desfavorecidos. Estes Orzamentos inclúen ademais un aumento na dotación para a política de integración de menores e o mantemento do poder adquisitivo das pensións non contributivas.

O forte compromiso da Xunta de Galicia para a posta en marcha dunha política que garanta o acceso a unha vivenda digna queda reflectido no

Orzamento da Administración Galega para 2006. Os programas de vivenda e solo crecen un 11,7% respecto do ano anterior. Cun orzamento de 182,83 millóns de euros, a Consellería de Vivenda e Solo centra a súa actuación nas axudas ó aluguer de vivendas que se triplican fronte ao 2005, establecéndose incentivos para a construción de 1.000 vivendas protexidas con destino ó alugueiro para rendas limitadas. Tamén son elevados os recursos destinados ó apoio á rehabilitación. Prográmanse axudas para a rehabilitación de calidade de 650 vivendas en 42 Áreas de Rehabilitación Integral e de núcleos históricos e para a rehabilitación ou reconstrución de calidade de 3.500 vivendas rurais e 800 vivendas en conxuntos históricos. Para a boa xestión destas actuacións fase unha previsión de extensión das oficinas de información e apoio á rehabilitación en Áreas de rehabilitación e en comarcas do medio rural.

Outra prioridade nestes Orzamentos é o fomento da cultura e a promoción do deporte. As actuacións previstas máis destacables refírense ao impulso do Plan de Normalización Lingüística, á promoción do noso patrimonio cultural e aos programas para potenciar a liberdade de creación e a diversidade, baseados na cooperación entre institucións públicas e privadas de cara a unha internacionalización da nosa cultura.

### OBXECTIVOS TERRITORIAIS

Un dos eixes da acción do Goberno Galego consiste en poñer en valor o territorio, mediante políticas de sustentabilidade ambiental, de calidade urbanística e de habitabilidade. A Xunta de Galicia entende que se necesita acadar o equilibrio territorial no desenvolvemento das actividades económicas, no marco dun pacto polo territorio, o goberno elaborará no 2006 un Plan de reequilibrio Territorial, concibido como axente activo de desenvolvemento económico integral de Galicia, dirixido ás áreas con menor crecemento, e de reforzamento da

cohesión social, que coordinará actuacións sectoriais das distintas consellerías, por un importe mínimo de 150 millóns de euros.

En canto á colaboración con outras Administracións, o Fondo de Cooperación Local incrementase un 16,8% de xeito neto e aumenta un 20,6% na súa totalidade, e de subliñar a creación dun fondo complementario por importe de 6 millóns de euros para a súa distribución entre os concellos galegos segundo os criterios que se determinen de xeito regulamentario, de acordo coa proposta da Comisión Galega de Cooperación Local.

Estas políticas faranse desde a solidariedade cun esforzo no gasto en cooperación ao desenvolvemento e axuda social.

### 3.- OS ORZAMENTOS DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

Forman parte do Orzamento Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia os estados financeiros das Sociedades Públicas, cuxas características veñen definidas na Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario. Estas sociedades revisten forma de sociedade mercantil, -con participación maioritario da Comunidade- ou de Entidades de Dereito Público.

O detalle dos orzamentos de explotación e capital, así como a súa evolución con respecto ó orzamento inicial do exercicio 2005, se reflexa nos cadros seguintes. Estes orzamentos non forman parte do Orzamento Consolidado

#### CADRO 14.- SOCIEDADES MERCANTÍS

	SOCIEDADES MERCANTÍS					
	2005		2006		Variación %	
	Explot.	Cap.	Explot.	Cap.	Explot.	Cap.
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	4.982	582	5.197	556	4,3	-4,5
Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.	2.185	36	2.560	40	17,2	11,1
SODIGA, S.C.R.	2.104	1.095	2.119	1.321	0,7	20,6
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	3.683	93.511	3.710	74.636	0,7	-20,2
Xes Galicia, S.A.	1.574	203	1.398	88	-11,2	-56,7
Autoestrada Alto de Santo Domingo - Ourense	2.451	62.036	70.094	97.040	2759,8	56,4
S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia	2.117	237	1.750	476	-17,3	100,8
Galicia Calidade, S.A.	758	834	765	825	0,9	-1,1
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.	6.858	15.591	6.902	15.689	0,6	0,6
S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia	5.984	2.280	6.390	1.600	6,8	-29,8
Xenética Fontao, S.A.	2.260	390	2.295	385	1,5	-1,3
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo	27.622	7.688	25.252	3.120	-8,6	-59,4
Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.	24.668	9.295	27.888	4.326	13,1	-53,5
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.	75.801	15.175	84.412	21.669	11,4	42,8
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	26.090	3.238	24.783	16.193	-5,0	400,1
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	41.687	34.427	49.827	35.861	19,5	4,2
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	32.992	16.474	44.993	21.915	36,4	33,0
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	22.554	4.909	53.038	50.193	135,2	922,5
<b>TOTAL SOCIEDADE MERCANTÍS</b>	<b>286.370</b>	<b>268.001</b>	<b>413.373</b>	<b>345.933</b>	<b>44,3</b>	<b>29,1</b>

(Miles de euros)



## CADRO 15.- ENTES PÚBLICOS

	ENTES PÚBLICOS					
	2005		2006		Variación %	
	Explot.	Cap.	Explot.	Cap.	Explot.	Cap.
Compañía de Radiotelevisión de Galicia e Sociedades	114.346	15.118	123.281	15.982	7,8	5,7
Consello Económico e Social	1.033	42	1.094	42	5,9	0,0
Instituto Galego de Promoción Económica	101.123	8.973	114.797	5.436	13,5	-39,4
CIXTEC	12.014	5.333	14.344	5.546	19,4	4,0
Portos de Galicia	18.937	29.950	20.527	30.974	8,4	3,4
Instituto Enerxético de Galicia	2.440	1.560	2.430	1.600	-0,4	2,6
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	14.842	37	20.023	41	34,9	10,8
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	1.114	57.800	1.240	48.000	11,3	-17,0
Fundación Pública Hospital de Verín	9.871	162	11.385	130	15,3	-19,8
Instituto Galego de Oftalmoloxía	2.038	225	2.039	210	0,0	-6,7
Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira	11.733	175	13.315	112	13,5	-36,0
Fundación Pública Hospital da Barbanza	14.163	143	15.911	149	12,3	4,2
F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria	3.505	450	3.300	430	-5,8	-4,4
Foro Permanente Galego e Iberoamericano de Saúde	2.063	29	329	10	-84,1	-65,5
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia - 061	29.147	288	34.110	251	17,0	-12,8
Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés	14.485	133	16.429	134	13,4	0,75
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	22.327	890	23.261	550	4,2	-38,20
Fundación Pública de Medicina Xenómica	512	21	870	19	69,9	-9,52
Instituto Técnico de Control do Medio Mariño			1.938	4.530		
Obras e Servizos Hidráulicos	3.475	80.605	3.574	96.146	2,8	19,3
<b>TOTAL ENTES PÚBLICOS</b>	<b>379.168</b>	<b>201.934</b>	<b>424.197</b>	<b>210.292</b>	<b>11,9</b>	<b>4,1</b>

(Miles de euros)

#### 4.- A CONTA FINANCEIRA DO ORZAMENTO CONSOLIDADO

A conta financeira do orzamento consolidado presenta un déficit por operacións de capital de 1.549,76 millóns de euros, que resulta financiado nun 98% polo aforro corrente.



CADRO 16: CONTA FINANCEIRA

Consolidado	2006
INGRESOS CORRENTES	8.499.527,97
GASTOS CORRENTES	6.978.667,06
<b>AFORRO BRUTO</b>	<b>1.520.860,91</b>
INGRESOS DE CAPITAL	897.464,93
OPERACIÓN DE CAPITAL	2.447.228,00
<b>DÉFICIT POR OP. DE CAPITAL</b>	<b>1.549.763,07</b>
<b>NECESIDADE (-) OU CAPACIDADE (+) DE FINANCIAMENTO</b>	<b>-28.902,16</b>
INGRESOS NON FINANCEIROS	9.396.992,90
<b>TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>9.425.895,06</b>
<b>SALDO NON FINANCEIRO</b>	<b>-28.902,16</b>
INGRESOS FINANCEIROS	514.733,14
OPERACIÓN FINANCEIRAS	485.830,96
<b>SALDO FINANCEIRO</b>	<b>28.902,18</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>9.911.726</b>

Miles de €

Esta necesidade de financiamento e o endebedamento neto asociado de 140 millóns de euros responde ás previsión do Plan Económico-Financeiro aprobado no seu día para a Comunidade aceptado polo “Consejo de Política Fiscal y Financeira” (o 23 de novembro do 2004)

## GRÁFICO 14: ENDEBEDAMENTO



**DÉBEDA VIVA SECTOR ADMIN. PÚBLICA S/ SEC (BASE 2000)**